

ASUNTO PLE/2023/00045137S

**ACTA NÚM. 18 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE
TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE 2023.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **26 de outubro de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereas Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Don Evaristo Ben Otero
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

ORDE DO DÍA:

1. **SECRETARÍA XERAL.** Referencia: **2023/00045137S.**
Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.
2. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023/00044284J.**
Aprobación de expediente de crédito extraordinario baixo a codificación 2023-CREXT-08, de importe 142.152,61 €, para atender diversas actuacións urxentes a realizar polo departamento municipal de Parques e Xardíns, financiado con baixas por anulación.
3. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023-REC-11.**
Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar unha parte dos gastos rexistrados na conta 413 por importe total de 6.510,78 euros, coa codificación 2023-REC-11.
4. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023-REC-12.**
Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para aprobar gastos rexistrados na conta 413, por importe total de 310.291,48 euros, coa codificación 2023-REC-12.
5. **CULTURA E FESTAS.** Referencia: **REPARO/CX/29/F/2023/3275.**
Proposta de levantamento de reparo suspensivo sobre a factura F/2023/3275.
6. **Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a mellora da mobilidade e o estacionamento no colexio Pío XII.**
7. **Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración dun plan de acción contra o ruído derivado do ocio nocturno.**
8. **Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre as solución de aparcamento na contorna do CHUS.**
9. **Tomar coñecemento de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
10. **Solicitud de comparecencia presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o futuro da casa da Xuventude.**
11. **Rogos, preguntas e interpelacións.**

Rogos:

- 1.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo a conxestión do transporte público na rúa Monte dos Postes.
- 2.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao multi xogo nadal 2023.
- 3.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ás obras de accesibilidade do paso de peóns na rúa Loureiros.

Preguntas orais:

- 1.- Formulada polo PP en relación ao inmovible situado na rúa Sánchez Freire, 124.
- 2.- Formulada polo PP sobre o grao de cumprimento do contrato de recollida de lixo.
- 3.- Formulada polo PP sobre transferencia de crédito.
- 4.- Formulada polo PSdeG-PSOE sobre o plan de inspección de locais de ocio

nocturno.

5.- Formulada polo PSdeG-PSOE sobre os turnos e horarios do servizo de taxi.

Preguntas resposta escrita:

1.- Formulada polo PP en relación ao radar SC-20 Conxo.

2.- Formulada polo PP sobre a distribución de uso das instalacións deportivas.

3.- Formulada polo PP sobre chamadas recibidas na Policía sobre incidentes, molestias ou ruidos na Sala Malatesta entre 1 de xaneiro de 2019 ao 9 de outubro de 2023.

4.- Formulada polo PP sobre expedientes de disciplina se abriron contra a Sala Malatesta entre o 1 de xaneiro de 2019 ao 9 de outubro de 2023.

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1.- Presentada polo PP para a adhesión ao programa xantar na casa.

2.- Presentada polo PP para que o concello xestione a adquisición ou comodato do cadro da Procesión de Castelao.

3.- Presentada polo PP para apoiar o comercio e fomentar as compras na campaña de nadal.

4.- Presentada polo PP para a mellora da accesibilidade, limpeza e aparcamento no barrio da Almaciga.

5.- Presentada polo PSdeG-PSOE relativa á eliminación de prazas de aparcamento en Sar pola execución da senda peonil e ciclista Milladoiro-Santiago.

6.- Presentada polo PSdeG-PSOE sobre o quiosco do Cantón do Toural.

7.- Presentada polo PSdeG-PSOE para elaborar o I Plan de igualdade na administración local.

8.- Presentada por CA e o BNG para denunciar a guerra de Israel contra a Franxa de Gaza.

9.- Presentada por CA e o BNG de apoio ao levantamento do bloqueo económico, comercial e financeiro imposto por Estados Unidos contra Cuba.

10.- Presentada por CA e o BNG de apoio a dignificación dos/as profesionais da avogacía e a procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións.

Inclúese para ser tratado na presente sesión un punto 8 bis):

Declaración institucional polo 25 de novembro día internacional pola eliminación da violencia contra as mulleres.

Cumpriméntase así:

**1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00045137S.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

O Pleno da Corporación por unanimidade aproba as actas correspondentes ás sesións ordinaria do día 28 de setembro e extraordinaria urxente do 11 de outubro ambas de 2023 (núms. 16 e 17).

**2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00044284J.
APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO BAIXO A
CODIFICACIÓN 2023-CREXT-08, DE IMPORTE 142.152,61 €, PARA ATENDER
DIVERSAS ACTUACIÓNS URXENTES A REALIZAR POLO DEPARTAMENTO**

MUNICIPAL DE PARQUES E XARDÍNS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista a solicitude presentada de tramitación de expediente de crédito extraordinario (número de encargo 96052) con data de 16.10.2023 polo Concelleiro delegado de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos dos animais, Servizos Básicos Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras, en base ao manifestado pola directora da área de Benestar Medioambiental, Servizos Básicos e Comunitarios, xunto coa documentación que se achega no expediente.
2. Visto o informe da Oficina Orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2023-CREXT-08- de importe 142.152,61 €, para atender diversas actuacións urxentes do CX 13 Parques e Xardíns, financiado con baixas por anulación.
3. Vista a providencia de incoación do expediente asinada polo Concelleiro delegado de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local en data de 16.10.2023.
4. Visto a existencia no expediente dunha operación contable RC que financia o crédito extraordinario co número de operación 220230026820 e número de referencia 22023013075.
5. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria asinado con data de 16.10.2023 e con número de referencia 133/2023.
6. Visto o informe emitido pola Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.
7. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 17.10.2023 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-08.

CONSIDERACIÓNS

Normativa de aplicación.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e as súas modificacións.

Bases 12ª e 13ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022, prorrogadas neste exercicio.

I. Xustificación da necesidade.

Unha vez analizado o informe proposta que forma parte do inicio do expediente e a documentación que figura no apartado de antecedentes que da soporte á solicitude de crédito extraordinario 2023-CREXT-08, segundo opinión da Oficina orzamentaria queda acreditada a especificidade e determinación dos gastos propostos, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

A modificación orzamentaria proposta, modalidade de crédito extraordinario, ten por finalidade achegar crédito no orzamento prorrogado actual a dúas actuacións urxentes e necesarias solicitadas polo CX 13 Parques e Xardíns que non dispoñen de crédito adecuado no orzamento actual. O seu detalle é o seguinte:

CREDITO EXTRAORDINARIO (2023-CREXT-08)							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACION							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito anterior	IMPORTE 2023-CREXT-08	Crédito definitivo	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito Inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Actuacións urxentes nos parques infantís municipais	020 17100 6190000	2023 2 PARQU 21 1	13	0,00	93.813,10	93.813,10	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible	020 33600 6250000	2022 2 INV/CH 6	13	142.152,61	142.152,61	0,00
Obras de construción de vestiario no viveiro de Lamas de Abade	020 17100 6220000	2023 2 PARQU 21 2		0,00	48.339,51	48.339,51		Préstamo ABANCA formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 mobiliario urbano no casco histórico						
TOTAL CX 13 - PARQUES E XARDINS A FINANCIAR CON BAIXAS POR ANULACIÓN				0,00	142.152,61	142.152,61						142.152,61	142.152,61	0,00

O crédito extraordinario proposto incorporárase en dúas aplicacións orzamentaria que se inclúen nun novo proxecto de gasto que se crea ao efecto coa codificación 2023 2 PARQU 21.

II. Financiamento da modificación orzamentaria.

Como recurso que financia esta modificación de crédito, modalidade de suplemento de crédito, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios e suplementos de crédito poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

O financiamento deste expediente de modificación de crédito procede da baixa por anulación do crédito dispoñible existente na aplicación e proxecto de gasto que se describe a continuación, pertencente ao propio CX 13, que segundo informa pode minorarse sen deterioro dos respectivos servizos programados, toda vez que se desiste do gasto que se tiña previsto acometer con este proxecto de gasto.

O detalle do financiamento é o seguinte:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo	
Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo ABANCA formalizado e non	020 33600 6250000	2022 2 INVCH 6	13	142.152,61	142.152,61	0,00	
				142.152,61	142.152,61	0,00	

Neste sentido, fíxose a operación contable RC que financia o crédito extraordinario co número de operación RC 220230026820 e co número de referencia 22023013075.

No relativo á modalidade de modificativo proposta –crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar –baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Todas as aplicacións orzamentarias implicadas –nas que se dota o crédito no capítulo 6 de gasto e nas que se declara a baixa no mesmo capítulo 6 de gastos- pertencen ao mesmo capítulo de gasto non financeiro polo que a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, nin da regra de gasto, mantendo o equilibrio orzamentario global.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

PRIMEIRO: Aprobar a creación na contabilidade municipal do proxecto de gasto 2023 2 PARQU 21, con vinculación cuantitativa e cualitativa, denominado < ACTUACIÓNS URXENTES DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS >, aos efectos do sinalado nas regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de **crédito extraordinario** baixo o número de expediente **2023-CREXT-08** por importe de **CENTO CORENTA E DOUS MIL CENTO CINCUENTA E DOUS EUROS E SESENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (142.152,61 EUROS)** para atender diversas actuacións urxentes do departamento de Parques e Xardíns municipal.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2023-CREXT-08)							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito anterior	IMPORTE 2023-CREXT-08	Crédito definitivo	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Actuacións urxentes nos parques infantís municipais	020 17100 6190000	2023 2 PARQU 21 1	13	0,00	93.813,10	93.813,10	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible	020 33600 6250000	2022 2 INVCH 6	13	142.152,61	142.152,61	0,00
Obras de construción de vestiario no viveiro de Lamas de Abade	020 17100 6220000	2023 2 PARQU 21 2		0,00	48.339,51	48.339,51		Préstamo ABANCA formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 mobiliario urbano no casco histórico						
TOTAL CE CX 13 - PARQUES E XARDÍNS A FINANCIAR CON BAIXAS POR ANULACIÓN				0,00	142.152,61	142.152,61								

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2023-CREXT-08)						
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito anterior	IMPORTE 2023-CREXT-08	Crédito definitivo
Actuacións urxentes nos parques infantís municipais	020 17100 6190000	2023 2 PARQU 21 1	13	0,00	93.813,10	93.813,10
Obras de construción de vestiario no viveiro de Lamas de Abade	020 17100 6220000	2023 2 PARQU 21 2		0,00	48.339,51	48.339,51
TOTAL CE CX 13 - PARQUES E XARDÍNS A FINANCIAR CON BAIXAS POR ANULACIÓN				0,00	142.152,61	142.152,61

B) Financiamento: baixas por anulación

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible	020 33600 6250000	2022 2 INVCH 6	13	142.152,61	142.152,61	0,00
Préstamo ABANCA formalizado e non						
				142.152,61	142.152,61	0,00

C) Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	142.152,61 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	142.152,61 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL, sen prexuízo do seu carácter inmediatamente executivo ao abeiro do establecido na disposición adicional 7ª do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2023-CREXT-08 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma."

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión ordinaria do día 19 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a creación na contabilidade municipal do proxecto de gasto 2023 2 PARQU 21, con vinculación cuantitativa e cualitativa, denominado < ACTUACIÓNS URXENTES DO DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDÍNS >, aos efectos do

sinalado nas regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

SEGUNDO: Aprobar o expediente de **crédito extraordinario** baixo o número de expediente **2023-CREXT-08** por importe de **CENTO CORENTA E DOUS MIL CENTO CINCUENTA E DOUS EUROS E SESENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (142.152,61 EUROS)** para atender diversas actuacións urxentes do departamento de Parques e Xardíns municipal.

En resumo:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2023-CREXT-08)							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN							
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito anterior	IMPORTE 2023-CREXT-08	Crédito definitivo	TIPO MC	Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Actuacións urxentes nos parques infantís municipais	020 17100 6190000	2023 2 PARQU 21 1	13	0,00	93.813,10	93.813,10	CE	Baixas por anulación do crédito dispoñible	020 33600 6250000	2022 2 INVCH 6	13	142.152,61	142.152,61	0,00
Obras de construción de vestiario no viveiro de Lamas de Abade	020 17100 6220000	2023 2 PARQU 21 2		0,00	48.339,51	48.339,51		Préstamo ABANCA formalizado e non disposto que financiaba no ano 2022 mobiliario urbano no casco histórico						
TOTAL CE CX 13 - PARQUES E XARDÍNS A FINANCIAR CON BAIXAS POR ANULACIÓN				0,00	142.152,61	142.152,61							142.152,61	142.152,61

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO (2023-CREXT-08)						
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito anterior	IMPORTE 2023-CREXT-08	Crédito definitivo
Actuacións urxentes nos parques infantís municipais	020 17100 6190000	2023 2 PARQU 21 1	13	0,00	93.813,10	93.813,10
Obras de construción de vestiario no viveiro de Lamas de Abade	020 17100 6220000	2023 2 PARQU 21 2		0,00	48.339,51	48.339,51
TOTAL CE CX 13 - PARQUES E XARDÍNS A FINANCIAR CON BAIXAS POR ANULACIÓN				0,00	142.152,61	142.152,61

B) Financiamento: baixas por anulación

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
Descrición	Aplicación orzamentaria	Proxecto	CX	Crédito inicial	Baixa por anulación	Crédito definitivo
Baixas por anulación do crédito dispoñible	020 33600 6250000	2022 2 INVCH 6	13	142.152,61	142.152,61	0,00
Préstamo ABANCA formalizado e non						
				142.152,61	142.152,61	0,00

C) Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	142.152,61 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	142.152,61 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	

TERCEIRO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-08 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL, sen prexuízo do seu carácter inmediatamente executivo ao abeiro do establecido na disposición adicional 7ª do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2023-CREXT-08 se contra el non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023-REC-11.**
APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS PARA APROBAR UNHA PARTE DOS GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413 POR IMPORTE TOTAL DE 6.510,78 EUROS, COA CODIFICACIÓN 2023-REC-11.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **6.510,78 €**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenas para o seu recoñecemento extrajudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.
2. Vista a dilixencia emitida con data 17.10.2023 pola titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.
3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión ordinaria do día 19.10.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o

procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extrajudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **6.510,78 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extrajudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **6.510,78 €** e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Recoñecer extrajudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **6.510,78 €** e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-12. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PARA APROBAR GASTOS REXISTRADOS NA CONTA 413, POR IMPORTE TOTAL DE 310.291,48 EUROS, COA CODIFICACIÓN 2023-REC-12.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **310.291,48 €**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarias para o seu recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.
2. Vista a dilixencia emitida con data 18.10.2023 pola titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.
3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión ordinaria do día 19.10.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017).

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento

correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **310.291,48 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **310.291,48 €** e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de **310.291,48 €** e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

5. CULTURA E FESTAS. Referencia: REPARO/CX/29/F/2023/3275. PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO SUSPENSIVO SOBRE A FACTURA F/2023/3275.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Dende o Centro Xestor 29 (Festas e Festexos) foi tramitada á Intervención Municipal a factura emitida por COMERCIAL VEIRAS S.A. (CIF A15065063) incluída no informe de Intervención con número 1288 e por importe de 3.025,00 euros.

2. A Intervención Municipal emitiu o informe ref. 1288/2023 de data 29/09/2023, con reparo ao abeiro do artigo 214 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, en relación coa factura cuíos detalles son os seguintes:

Nº de entrada	Nº de factura	Data documento	Importe total	Terceiro	Texto explicativo
F/2023/3275	2	12/06/2023	3.025,00	COMERCIAL VEIRAS SA A15065063	ALUGUER DE 5 TRACTORES CON CONDUCTOR PARA A CABALGATA DE REIS

No informe da Intervención municipal fai referencia a que o gasto a que se refire o xustificante de gasto foi imputado á aplicación orzamentaria 070 33800 2270600 do orzamento vixente a cal se propón agora imputar o recoñecemento da obriga derivado de dito gasto.

No informe da Intervención municipal, baseándose na orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais modificada pola HAP/419/2014 de 14 de marzo considerase que a aplicación proposta para a imputación do gasto contraído non resulta axeitada á natureza deste.

Continúa o informe da Intervención sinalando o concepto 204. Arrendamentos de material de transporte como a aplicación axeitada neste caso.

Dende o centro xestor 29 considerase que non se trata só de un aluguer de vehículos para a cabalgata senón que se acompaña cos condutores dos mesmos que á súa vez fan un traballo de carácter técnico posto que levan a cabo, con carácter previo traballos de axustes e reordenación dos vehículos que conforman a comitiva da cabalgata así como durante o percorrido da mesma tal e como se expresa no informe emitido e asinado polo técnico de programación cultural o día 15/09/2023.

CONSIDERACIÓNS

1. Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, artigo 217.1
2. Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público estatal, artigo 15.
3. Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, artigo 118.1.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Resolver a discrepancia e levantar o reparo suspensivo emitido pola Intervención Municipal no seu informe de fiscalización con nº de ref. 1288/2023 de data 29/09/2023 para poder continuar coa tramitación da factura emitida por COMERCIAL VEIRAS S.A. (CIF A15065063) por importe de 3.025,00 euros e propor ao órgano correspondente autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión ordinaria do día 19 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

Resolver a discrepancia e levantar o reparo suspensivo emitido pola Intervención Municipal no seu informe de fiscalización con nº de ref. 1288/2023 de data 29/09/2023 para poder continuar coa tramitación da factura emitida por COMERCIAL VEIRAS S.A. (CIF A15065063) por importe de 3.025,00 euros e propor ao órgano correspondente autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A MELLORA DA MOBILIDADE E O ESTACIONAMENTO NO COLEXIO PÍO XII.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Concello de Santiago anunciou que ven de chegar a un acordo co aparcamento de Galeras para que as familias que teñen escolarizadas as súas nenas e nenos no CEIP Pío XII e Raíña Fabiola poidan estacionar un máximo de 15 minutos gratuítos tanto no horario de entrada como de saída para acudir aos citados centros escolares.

Para o Partido Popular a medida do parking de Galeras lonxe de ser unha solución para ás familias, mostra a falta de escoita e diálogo do goberno, posto que a comunidade educativa do CEIP Pío ven solicitado dende a anterior lexislatura que se habilite un carril da avenida das Burgas durante o horario de entrada e saída ao centro, ao igual que se fai no caso da gardería que se atopa nesta mesma rúa.

A medida adoptada non ten un impacto real para o alumnado deste centro posto que o percorrido dende a saída do parking de Galeras ata o colexio Pío XII é demasiado longo e que, unha parada de 5 minutos ao carón do centro, pasa a ser unha estancia de máis de 15 minutos nun aparcamento e de 10 minutos de percorrido pola rúa. É dicir, media hora.

Consideramos que vaise crear outro caos circulatorio nas franxas de entrada e saída ao Pío XII e Raíña Fabiola ao formarse ringleiras de vehículos que van obstaculizar a circulación pola rúa Galeras, creando un problema de saturación en Galeras e Pombal.

Polo exposto propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano do Goberno local a manter as reunións precisas cunha actitude constructiva chegando a acordos reais que den unha solución ás familias deste centro educativo mellorando a circulación e mobilidade.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a manter as reunións precisas cunha actitude constructiva chegando a acordos reais que den unha solución ás familias deste centro educativo mellorando a circulación e mobilidade.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACCIÓN CONTRA O RUÍDO DERIVADO DO OCIO NOCTURNO.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“A Directiva Europea 2002/49/CE sobre Ruído Ambiental, define o ruído como «o son exterior non desexado ou nocivo xerado polas actividades humanas, incluído o emitido polos medios de transporte e por emprazamentos de actividades industriais». A Directiva aplícase «ao ruído ambiental ao que estean expostos os seres humanos», que se produce en particular en zonas urbanizadas, en parques públicos ou outros lugares tranquilos dentro dunha aglomeración urbana, en zonas tranquilas en campo aberto, en proximidades de centros escolares e arredores de hospitais, así como noutros edificios e lugares vulnerables ao ruído.

Por iso, a Lei 37/2003 do Ruído definiu a contaminación acústica como a presenza no ambiente de ruídos ou vibracións, calquera que sexa o emisor acústico que os orixine, que impliquen molestia, risco ou dano para as persoas, para o desenvolvemento das súas actividades ou para os bens de calquera natureza, mesmo cando o seu efecto sexa perturbar o goce dos sons de orixe natural, ou que causen efectos significativos sobre o medio ambiente.

Ademais, o artigo 47 da Constitución establece que «todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito...» Tamén se regula o mandato de protexer a saúde (artigo 43) e o medio ambiente (artigo 45), que engloban no seu alcance a protección contra a contaminación acústica.

O Real Decreto Lexislativo 7/2015 sobre a Lei de Chan e Rehabilitación Urbana estableceu que toda a cidadanía ten o dereito a unha «vivenda digna, adecuada e accesible» e que constitúa o seu domicilio «libre de ruído ou outras emisións contaminantes de calquera tipo que superen os límites máximos admitidos pola lexislación aplicable e nun medio ambiente e unha paisaxe adecuada».

Polo exposto, propoñemos que o pleno aprobe a seguinte acordo:

Instar ao equipo de Goberno local a elaborar un Plan de acción contra o ruído como ferramenta fundamental para evitar as molestias e conflitos derivados do ocio nocturno.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar ao Goberno local a elaborar un Plan de acción contra o ruído como ferramenta fundamental para evitar as molestias e conflitos derivados do ocio nocturno.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE AS SOLUCIONS DE APARCAMENTO NA CONTORNA DO CHUS.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte PROPOSICIÓN para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como xa se dixo en moitas ocasións, actualmente o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) sofre dun grave problema de aparcamento, situación que vaise ver agravada no futuro con dúas actuacións que suporán a desaparición de numerosas prazas de estacionamento. Falamos da ampliación do propio CHUS e da construción do novo Centro de Protonterapia. Dúas intervencións fundamentais para a cidade de Compostela, xa que garanten que o noso hospital segue a ser unha referencia no sistema nacional de saúde.

Os veciños da cidade de Santiago non teñen por que elixir entre novos recursos médicos ou prazas de aparcamento. E precisamente iso foi o que guiou ao goberno municipal no pasado mandato. Ante a inacción da Xunta de Galicia para implicarse na solución deste problema que é responsabilidade súa, o goberno de Sánchez Bugallo

tomou a iniciativa e buscou solucións realistas e inmediatas para paliar dita cuestión. En febreiro deste ano, aprobouse a cesión á consellería de Sanidade dunha parcela de titularidade municipal situada na avenida Mestre Mateo, ao carón do edificio CIMUS, cunha superficie total de 3.563,53 metros cadrados, para que a Xunta de Galicia procedese á construción dun novo aparcamento. Unha posible actuación necesaria para paliar o déficit de lugares de estacionamento que o Complexo ten e terá no futuro. O *mutis* da Xunta de Galicia, e as súas escusas sobre a necesidade de facer primeiro un estudo de mobilidade, sobre algo que é comprobable a simple vista, foron unha mostra máis de que á Xunta de Galicia, Santiago non lle importa nada. Os resultados dese estudo falan por si sós da seriedade coa que enfronta a Xunta os problemas dos veciños e veciñas de Compostela.

Debemos recordar que o CHUS é o hospital de referencia dunha área sanitaria que transcende non só o termo municipal ou comarcal, senón tamén o provincial. Cada día, as persoas usuarias do CHUS tanto veciños e veciñas de Compostela como do resto dos concellos da área sanitaria, sofren a escaseza cada vez maior, de prazas de aparcamento. Os problemas recorrentes de tráfico a calquera hora do día explícanse tendo en conta que o 80% das persoas usuarias non viven en Santiago de Compostela, e que en Galicia o sistema de transporte público supramunicipal está funcionando de maneira deficitaria. Temos que recordar que a xestión da mobilidade na parcela do CHUS é competencia exclusiva do Servizo Galego de Saúde. Polo tanto esta cuestión ten que ser unha prioridade para a administración autonómica, que ten plenas competencias para acadar unha solución axeitada.

Dende o Concello de Santiago debese continuar a facer fronte a esta problemática con determinación e liderado. Ademais de seguir reivindicando que a Xunta de Galicia acepte a parcela proposta e que constrúa nela un aparcadoiro, sería importante iniciar canto antes o desenvolvemento da planificación urbanística do que será a realidade futura do Complexo Hospitalario. Compre ampliar a parcela do hospital clínico co desenvolvemento do sector do solo urbanizable SUD 9-10, situado ao sur do complexo na Choupana. Serían en total 50 mil metros cadrados os que gañaría a actual parcela, pasando 12 a 17 hectáreas que permitiría complementar servizos dos que hoxe carece. Entre as prioridades, mellorar a mobilidade na zona e crear novos espazos de aparcadoiro que sexan, ademais, de rotación.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar de novo á Xunta de Galicia:

- a. A aceptar a cesión feita polo Concello de Santiago da parcela EU 7 do Polígono 2 do Plan Parcial do SUP 5 CHOUPANA de titularidade municipal.
- b. Inicio urxente dos procedementos necesarios para a posta en marcha da construción dun novo aparcamento, que teña un mínimo de 400 prazas, na parcela cedida polo Concello de Santiago.
- c. Destinar a bonificación do ICIO dos proxectos de ampliación do CHUS e do Centro de Protonterapia a sufragar os custes de construción de dito aparcamento.

2. Instar ao Goberno Municipal do Concello de Santiago:

- a. A iniciar canto antes o desenvolvemento urbanístico do sector SUD 9-10, para

acadar unha planificación urbanística axeitada á futura realidade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Instar de novo á Xunta de Galicia:

a. A aceptar a cesión feita polo Concello de Santiago da parcela EU 7 do Polígono 2 do Plan Parcial do SUP 5 CHOUPANA de titularidade municipal.

b. Inicio urxente dos procedementos necesarios para a posta en marcha da construción dun novo aparcamento, que teña un mínimo de 400 prazas, na parcela cedida polo Concello de Santiago.

c. Destinar a bonificación do ICIO dos proxectos de ampliación do CHUS e do Centro de Protonterapia a sufragar os custes de construción de dito aparcamento.

2. Instar ao Goberno Municipal do Concello de Santiago:

A iniciar canto antes o desenvolvemento urbanístico do sector SUD 9-10, para acadar unha planificación urbanística axeitada á futura realidade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

Inclúese por urxencia acordada por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras a seguinte declaración institucional, que resulta aprobada coa mesma votación:

Previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, o Pleno da Corporación acorda incluír a seguinte declaración institucional para ser tratada na sesión, sendo aprobada con idéntica votación:

8 BIS. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVIEMBRE DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

O texto da declaración presentada ten o seguinte contido:

“No próximo mes conmemoraremos unha outra vez o 25 de novembro como Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, nun ano 2023 onde observamos con preocupación o recrudecemento dalgúns tipos de violencias contra as mulleres e en que vivimos a expansión dunha vaga reaccionaria que nega a violencia machista e pon en cuestión a necesidade de que as administracións traballen a prol da igualdade.

Mentres uns negan a violencia machista, a realidade da desigualdade, discriminación e violencia contra as mulleres indica que segue sendo necesario centrar os nosos esforzos na prevención e actuación fronte ás violencias machistas. Segundo datos do XV informe anual do Observatorio Estatal da violencia sobre as mulleres 2021, o 86,2% de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual cometéronse contra mulleres. Das 14608 vitimizacións de mulleres por este tipo de delitos, rexistráronse 287 de corrupción de menores ou persoas con discapacidade e 432 relacionados con contactos tecnolóxicos con menores de 16 anos.

Fronte a esta realidade, precisamos dotarnos de máis ferramentas para a prevención e actuación. É xa unha reclamación histórica por parte da cidadanía compostelá e dos colectivos feministas do concello a necesidade de reforzar os servizos de atención e acompañamento ás mulleres, especialmente ás mulleres vítimas de violencia machistas. O Centro de Información ás Mulleres do noso concello, formado por un equipo de grandes profesionais, ofrece un servizo esencial do que se benefician moitas mulleres, aínda cando conta con limitados recursos persoais.

Precisamente no ámbito local, observamos tamén con atención os datos que nos chegan por parte de entidades, colectivos e forzas de seguridade. Vimos de coñecer na pasada semana uns datos sobre os delitos sexuais no noso concello que nos preocupan, o do incremento dun 47,6% entre xaneiro e xuño.

Os datos de violencia sexual, o negacionismo da violencia machista que se estende entre a sociedade e o recrudecemento das agresións que sofren as mulleres, moitas moi novas e en ocasións perpetradas por menores, preocúpanos e ilustra que o traballo na prevención destas violencias debe comprender todos os espazos e chegar a todas as persoas. Non podemos tolerar condutas machistas na sociedade que fomentan valores que perpetúan a desigualdade e a violencia, nin podemos amparar política ou socialmente a quen o fai. No pasado mes de agosto vivimos a retransmisión en *prime time* da agresión que aconteceu durante a final da Copa Mundial Feminina de Fútbol, e como, malia os avances que temos feito colectivamente ao longo dos últimos anos, houbo moitas reticencias para identificar o agresor como o que é e solidarizarse coa vítima.

Desde a área de Igualdade do Concello vense traballando desde hai tempo na elaboración dun Protocolo para a Abordaxe das Violencias Sexuais e LGTBIfóbicas en Espazos de Ocio Nocturno, en colaboración con distintos axentes representativos da sociedade, coma o sector da hostalería, forzas e corpos de seguridade, asociacións en representación das mulleres e do colectivo LGTBI; representantes de colexios profesionais, do ámbito xudicial, da oficina da Valedora do Pobo e da corporación municipal. Este protocolo é un chanzo máis para fomentar a seguridade das mulleres no ámbito do ocio nocturno, pero debemos centrar máis esforzos na prevención das condutas machistas que proliferan entre a nosa sociedade.

Por todo o exposto, a Corporación municipal do Concello de Santiago, condena todas as formas de violencia machista e comprométese a traballar na súa eliminación de todos os espazos do noso concello, e para conseguilo, acorda:

- Apoiar as accións e manifestacións do movemento feminista compostelán e galego neste 25 de novembro.
- Reiterar o compromiso do Concello de Santiago co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero entendendo o noso papel de administración local como o primeiro punto de acceso, apoio e asesoramento para as mulleres vítimas de violencia machista e as súas familias.
- Incorporar a perspectiva de xénero e a protección das vítimas da violencia machista a todos os niveis de acción deste concello, impulsando a formación do persoal desta administración para garantir a non discriminación e o apoio e protección a todas as vítimas que accedan a recursos e servizos municipais.

- Coordinar o traballo preventivo e de intervención fronte a violencia machista que desenvolve o Concello de Santiago con outras administracións, nomeadamente cos servizos que presta a Xunta de Galiza e as forzas de seguridade.
- Solicitalle á Xunta de Galiza aumentar as prazas nas casas de acollida e aumentar o número para que poidan utilizalas máis mulleres con casuísticas nas que converxen múltiples vulnerabilidades que aumentan o nivel de risco.
- Impulsar as medidas oportunas para contribuír a garantir que os espazos municipais, como equipamentos deportivos, socioculturais ou educativos, son espazos seguros para as mulleres, que promoven os valores de igualdade e identifiquen as condutas que fomenten o machismo e/ou promovan a violencia contra as mulleres.”

9. TOMAR COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Tomase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, do período comprendido entre o 15 de setembro ao 19 de outubro de 2023, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se toma coñecemento das seguintes actas da XGL:

ASUNTO XGL/2023/00038194H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00038896F

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 20 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00040032Q

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 25 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00040465N

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00040739X

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 27 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00041022V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de setembro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00041080Y

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00041837G

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00042652Z

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 9 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00043126M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00043792G

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 16 de outubro de 2023.

10. SOLICITUDE DE COMPARECENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O FUTURO DA CASA DA XUVENTUDE.

Á vista do escrito presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data do 18 de outubro do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda que na próxima sesión plenaria compareza o concelleiro delegado de urbanismo para clarificar o futuro da casa da xuventude.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Rogos:

- 1.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo a conxestión do transporte público na rúa Monte dos Postes.
- 2.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ao multi xogo nadal 2023.
- 3.- Formulado polo PSdeG-PSOE relativo ás obras de accesibilidade do paso de peóns na rúa Loureiros.

Preguntas orais:

- 1.- Formulada polo PP en relación ao inmovible situado na rúa Sánchez Freire, 124.
- 2.- Formulada polo PP sobre o grao de cumprimento do contrato de recollida de lixo.
- 3.- Formulada polo PP sobre transferencia de crédito.
- 4.- Formulada polo PSdeG-PSOE sobre o plan de inspección de locais de ocio nocturno.
- 5.- Formulada polo PSdeG-PSOE sobre os turnos e horarios do servizo de taxi.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP en relación ao radar SC-20 Conxo.
- 2.- Formulada polo PP sobre a distribución de uso das instalacións deportivas.
- 3.- Formulada polo PP sobre chamadas recibidas na Policía sobre incidentes, molestias ou ruidos na Sala Malatesta entre 1 de xaneiro de 2019 ao 9 de outubro de 2023.
- 4.- Formulada polo PP sobre expedientes de disciplina se abriron contra a Sala Malatesta entre o 1 de xaneiro de 2019 ao 9 de outubro de 2023.

Unha vez rematadas as intervencións dos rogos, faise un receso cando son ás 11:50 ata as 12:30 horas.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

Os textos das mocións presentadas e tratadas son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA XANTAR NA CASA.

O artigo 50 da Constitución española establece que os poderes públicos garantirán, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica aos cidadáns durante a terceira idade. Así mesmo, e con independencia das obrigacións familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

A atención ao colectivo da poboación maior convértese nun reto para os poderes públicos que require unha resposta firme e adaptada ao actual modelo de sociedade. Así se establece na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cuxo artigo 3 reflicte como obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, así como prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección.

Neste contexto, hai que partir da obriga dos poderes públicos de promover servizos fundamentais na atención e coidado das persoas maiores, persoas con dependencia ou persoas en risco de exclusión social, entre outros colectivos.

Cómpre salientar que da evolución da poboación prevista para os vindeiros anos, cun incremento exponencial da poboación maior de 65 anos, só pode deducirse que seguirá sendo necesaria a implantación de novos recursos de atención e máis fundamentalmente o desenvolvemento dunha rede de servizos de promoción da autonomía e prevención da dependencia que permita a utilización de recursos asistenciais de maior aceptación social, tendo en conta a necesidade de fomentar os maiores niveis de autonomía posibles.

Neste eido, para contribuír a ofrecer, especialmente as persoas maiores, servizos de proximidade a través de programas que posibiliten e favorezan a permanencia das persoas maiores no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida, con especial atención ás persoas maiores que viven soas e que faciliten a través dos medios axeitados a promoción da súa autonomía persoal, propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

O pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a adhesión do concello de Santiago de Compostela ao programa Xantar na Casa para dotar de cobertura asistencial e aumentar os recursos sociais adicados a determinados colectivos, especialmente persoas maiores, garantindo os niveis de atención calidade axeitados e promovendo a súa atención social e benestar mediante o desenvolvemento deste programa orientado a favorecer a autonomía persoal, a permanencia no entorno e o benestar das persoas usuarias, con especial fincapé no colectivo das persoas maiores que viven soas.

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO XESTIONE A ADQUISICIÓN OU COMODATO DO CADRO A PROCESIÓN DE CASTELAO.

Hai un cadro de Castelao que debería ser recoñecido por todas e todos os composteláns, A procesión de Santiago, e que ademais debería pasar a pertencer ao patrimonio municipal.

Trátase dunha obra tamén nomeada como Procesión do Padroado, que foi realizada

por Castelao no ano 1908 e que representa unha procesión relixiosa polas rúas de Santiago que saía na tarde do día 27 de xullo. Esta obra monumental permitiulle ao autor, caricaturizar a todas as figuras da cidade mesmo as relixiosas, sen faltar tampouco a súa propia figura no medio da comitiva levando o estandarte, destacando por riba dos demais coa súa esaxerada e desgarrada silueta, mediante o mesmo modelo utilizado no álbum de auto-caricaturas.

Sabemos que no 1903 comeza a denominada como “etapa compostelá” de Castelao, momento no que ingresa na Facultade de Medicina, anos excepcionais da súa biografía especialmente na súa vertente artística, xa que foi en Santiago de Compostela, onde se deu coñecer como debuxante caricaturesco e os seus primeiros debuxos estiveron destinados a ridiculizar ao profesorado universitario, aos cóngos do Cabido Catedralicio e os costumes anacrónicos da cidade.

É certo que esta obra podemos vela na Galería José Lorenzo de Santiago, pero cremos que non só deberíamos poder vela aí, senón que deberían iniciarse as negociacións para que a devandita obra pase a incorporarse ao patrimonio municipal, polo que o Partido Popular,

Presenta o seguinte acordo para a súa aprobación polo Pleno:

Que o goberno do Concello de Santiago de Compostela, inicie as negociacións para a adquisición da devandita obra para incorporala ao patrimonio municipal, a título definitivo, ou ben, a través dun préstamo en comodato para uso temporal coa finalidade de facer coñecer esta obra á maioría da poboación municipal.

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA APOIAR O COMERCIO E FOMENTAR AS COMPRAS NA CAMPAÑA DE NADAL

A campaña de Nadal é un momento clave para o comercio, sobre todo para o comercio tradicional. Non obstante, non parece difícil prever que este ano a elevada inflación pode repercutir negativamente no gasto medio que poidan realizar as familias durante as Festas de Nadal.

Esta situación económica tamén afecta ao pequeno comercio xa que, o aumento dos custos de subministro diminúe, desde hai tempo, a marxe de beneficio dos comerciantes. Todo isto contribúe ao agravamento continuado da situación que padece dende hai anos o noso tecido comercial, que asiste a un goteo constante de peche de establecementos, como podemos ver no gran número de locais baleiros que hai polos distintos barrios da cidade.

Considerando o anterior entendemos que é especialmente importante promover actuacións que contribúan a xerar un Nadal tradicional e participativo, que fomente o ambiente de ilusión e celebración característico destas datas, axudando a reactivar a actividade comercial en Compostela.

E que non hai nada máis tradicional que o Nadal cos seus adornos e lucerío que bañan as cidades e os fogares tinguindo todo de maxia, donde os soños e ilusións chegan o seu máximo esplendor tanto dos grandes coma dos cativos. Esa maxia coas tradicións e a nosa cultura tamén axudan a incentivar as compras coa ilusión de poder ter algún agasallo para regalarlle aos seres queridos.

Polo exposto, propoñemos que o Pleno aprobe a seguinte acordo:

Que o Goberno local implemente as medidas necesarias para incentivar as compras no comercio da cidade durante a campaña de Nadal e realice estas accións xunto con actividades, exposicións, concursos educativos e divertidos e que teñan como referencia o Nadal tradicional na que os beléns e villancicos teñan o seu protagonismo.

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE, LIMPEZA E APARCAMENTO NO BARRIO DA ALMÁCIGA

O barrio da Almaciga leva anos sufrindo o abandono por parte dos últimos gobernos que estiveron a fronte do Pazo de Raxoi.

Esta moción non é desde logo unha novidade sobre as melloras que se seguen a solicitar por parte dos veciños, senón que está a recoller as diversas necesidades que desde hai tempo precisa esta zona da cidade.

A día de hoxe son numerosas as queixas referentes á accesibilidade neste barrio polas rúas Escultor Asorey e Caramoniña. O mesmo podemos dicir se falamos da falla de limpeza en xeral no barrio. Outro problema é ordenación do aparcamento da rúa Costiña do Monte.

A vista do anterior e propoñemos que o Pleno adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Que o goberno municipal leve a cabo un proxecto de accesibilidade ao barrio da Almaciga a través das rúas Escultor Asorey e Caramoniña.

Segundo.- Que se axilicen as tarefas de limpeza en todo o barrio.

Terceiro.- Que a Concellaría de tráfico proceda a ordenación do aparcamento da rúa Costiña do Monte.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA Á ELIMINACIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO EN SAR POLA EXECUCIÓN DA SENDA PEONIL E CICLISTA MILLADOIRO-SANTIAGO

A creación do itinerario ciclista e peonil que vai executar a Xunta de Galicia entre o Milladoiro e Santiago, de 3,5 quilómetros de lonxitude, atravesando toda a cidade ata San Caetano, esixe a expropiación de máis de 83.000 metros cadrados, afectando a 510 parcelas.

As obras adxudicadas consisten na execución dun itinerario que comezará no núcleo do Milladoiro, no aparcamento de Agro do Medio e comunicará a través das rúas Curuxa e Figueiras co eixo Milladoiro-Santiago, discorrendo inicialmente entre a SC-20 e a AP-9, pasando enriba dos túneles de ADIF e conectando coa rúa Virxe do Rial.

Desde esta rúa, o itinerario entrará no antigo túnel de Adif, que será obxecto de acondicionamento e continuará polo Banquete de Conxo, o parque do Restollal e as Brañas de Sar, ata enlazar co actual itinerario de Clara Campoamor, á altura da estación intermodal.

A creación deste itinerario suporá a eliminación de prazas de aparcamento nalgún punto urbano, concretamente poderán desaparecer unhas trinta prazas en superficie

do aparcamento situado a carón do campo de fútbol de Sar.

Tendo en conta a necesidade de aparcamento neste barrio e sendo esta unha das reivindicacións máis repetida pola veciñanza de Sar e dos grupos municipais que hoxe conforman o goberno, durante o mandato anterior, é polo que, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación o seguinte **acordo**:

Que o goberno municipal habilite alternativas de aparcamento nas inmediacións do aparcamento de Sar para substituír as prazas que elimina o procedemento de expropiación, levado a cabo pola Xunta de Galicia, para executar a senda peonil e ciclista Milladoiro-Santiago.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE O QUIOSCO DO CANTÓN DO TOURAL

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con 113 anos de actividade, o quiosco do Toural pechou despois de que os seus actuais xestores anunciasen que, por cuestións de viabilidade económica, non seguirán á fronte do mítico local da rúa Nova. O Quiosco do Toural leva en pé dende 1910, sendo un dos primeiros locais na capital galega de venda de xornais e revistas internacionais. Ninguén pode imaxinarse hoxe a rúa Nova sen ese quiosco.

O grupo socialista quere evitar a desaparición deste local histórico da nosa cidade. Por iso creemos que a administración local debería adquirir a propiedade, que foi mercada no seu día pola familia da actual xerente, no ano 1947. E iniciar un proceso de concesión pública que permita manter este negocio histórico. Tamén sería acaído, para que a oferta sexa máis atractiva, que se permita desenvolver a maiores do negocio tradicional, outra clase de negocio que satisfaga as necesidades da veciñanza do casco histórico. Falamos de

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:
O pleno do Concello de Santiago insta ao goberno local a:

1. Adquirir a propiedade do Quiosco do Toural.
2. Establecer unha concesión pública que garanta un uso comercial destas instalacións, preservando este negocio histórico e incluíndo outras liñas de negocio axeitadas ás demandas da veciñanza do casco histórico.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ELABORAR O I PLAN DE IGUALDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nas Administracións Públicas reproducense as mesmas dinámicas, roles, costumes e estereotipos de xénero que en calquera outra organización e que noutros ámbitos da nosa sociedade. Estes roles e estereotipos son a base, en gran medida, das desigualdades entre mulleres e homes. Os prexuízos de xénero, as condutas sexistas, e as barreiras invisibles inflúen, por exemplo, na promoción profesional (teito de cristal), nunha segregación ou representación desigual segundo que ocupacións profesionais, ou na división tradicional dos roles de coidado, e explican diferentes situacións de discriminación directas e indirectas.

Tanto a Lei Orgánica 3/2007 de igualdade efectiva de mulleres e homes, como o Estatuto Básico do Empregado Público, establecen que as administracións públicas están obrigadas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes. Por iso todas as administracións deben aprobar un Plan para a Igualdade entre mulleres e homes para os seus respectivos ámbitos. Dito Plan deberá establecer os obxectivos a alcanzar en materia de promoción da igualdade de trato e oportunidades no emprego público, así como as estratexias ou medidas a adoptar para a súa consecución.

Como non pode ser doutro xeito, o plan ten que ser obxecto de negociación e, no seu caso, acordo coa representación legal dos empregados públicos na forma que se determine na lexislación sobre negociación colectiva, e o seu cumprimento será avaliado con carácter anual.

O goberno de España xa está coa redacción do III Plan de Igualdade para a Administración Xeral do Estado. E en Galicia, o pasado 3 de agosto a Xunta de Galicia aprobou o I Plan de Igualdade da Administración autonómica. A nivel da administración local, dos 313 municipios de Galicia, tan só 5 concellos contan con plans de igualdade (*A Coruña, Barreiros, Mos, Muras e Vigo*). Cifras que evidencian a necesidade que temos de avanzar en ferramentas a prol da igualdade nas administracións públicas galegas.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao goberno municipal a poñer en marcha o proceso de elaboración do I Plan de Igualdade da Administración Local.

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DE CA PARA DENUNCIAR A GUERRA DE ISRAEL CONTRA A FRANXA DE GAZA

O Grupo de Goberno Municipal, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende a madrugada do sábado 7 de setembro asistimos á enésima escalada do conflito que leva 75 anos en Palestina. Unha guerra totalmente asimétrica na que o pobo peletino sofre unha ocupación militar e un apartheid que o Estado de Israel aplica sempre unha forza desproporcionada.

Nesta ocasión a ofensiva pretende ocupar e arrasar a Faixa de Gaza, unha das dúas

zonas nas que se dividiu o territorio palestino tras as numerosas invasións e usurpacións territoriais por parte de Israel. Gaza converteuse, durante moito tempo, nunha enorme cárcere ao aire libre no que 2,4 millóns de persoas viven abarrotados, sen acceso ás condicións e servizos mínimos que permitan unha vida digna. Unhas condicións infrahumanas que son responsabilidade exclusiva o Estado de Israel que impón desde 2007 un bloqueo por terra, mar e aire na Faixa de Gaza, que xerou unha situación de emerxencia humanitaria.

Esta situación vese agora agravada diante da declaración do estado de guerra por parte das autoridades israelís, por primeira vez desde 1973, que non vai valer para que o pobo palestino renuncie ao seu dereito á resistencia. O exército israelí está a bombardear e a preparar unha ocupación terrestre de Gaza que son unha nova violación do dereito internacional e das resolucións da ONU.

A única solución ao conflito é que a comunidade internacional garanta o cumprimento por parte de Israel das distintas resolucións sobre os territorios ocupados que sistemáticamente incumpriu, garantice o dereito de Palestina a ser un Estado soberano e independente e lance inmediatamente unha proceso de paz que garanta o fin do conflito armado.

Por todo o anterior, e diante das declaracións que pretenden xustificar un ataque a Gaza en grande escala, reafirmamos a nosa solidariedade con Palestina e coa súa resistencia á ocupación, o apartheid e o exilio cada día.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago acorda:

1. Condenar absolutamente, e sen matices, os crimes cometidos en Palestina, tanto no territorio do Estado de Israel como en Gaza e Cisjordania, contrarios á legalidade internacional e que están causando un número indeterminado de vítimas civís, entre as que se encontran numerosas crianzas.
2. Condenar firmemente a guerra de ocupación levada a cabo por Israel contra Palestina, así como o asasinato de civís por calquera dos bandos, e esixir o cumprimento das resolucións da ONU e o recoñecemento das fronteiras establecidas en 1967, fronteira internacionalmente aceptada.
3. Esixir o establecemento inmediato dun cesar-fogo e o respecto absoluto dos dereitos humanos e a legalidade internacional.
4. Mostrar a nosa solidariedade e apoio con toda Palestina e co seu exilio, provocado pola guerra e ocupación que sufren desde hai 75 anos.
5. Instar á Xunta de Galicia a colaborar e enviar axuda humanitaria á poboación palestina da Franxa de Gaza, que sofre a brutal represión israelí e non ten acceso a produtos básicos.
6. Instar ao Goberno de España á Unión Europea a recoñecer o Estado de Palestina, con todas as consecuencias e a mediar a nivel internacional para rematar coa guerra que Israel declarou contra a Faixa de Gaza, mantendo unha posición propia e autónoma que priorice a procura da paz e a legalidade internacional e, polo tanto, o fin

da ocupación de Palestina.

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE CA E DO BNG DE APOIO AO LEVANTAMENTO DO BLOQUEO ECONÓMICO, COMERCIAL E FINANCEIRO IMPOSTO POR ESTADOS UNIDOS CONTRA CUBA

O grupo de goberno municipal, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presentan a seguinte moción para demandar o levantamento do bloqueo económico, comercial e financeiro imposto por Estados Unidos contra Cuba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“En 2014, o que era presidente dos Estados Unidos de América, Barack Obama, cualificou o bloqueo económico, financeiro e comercial contra Cuba, establecido desde o 3 de febreiro de 1962 como “obsoleto, ancorado no pasado, unha peza da Guerra Fría...”, recoñecendo que non funcionou para os obxectivos históricos dos Estados Unidos.

Malia os avances que houbo nas relacións entre Cuba e os Estados Unidos durante o goberno Obama, a partir do goberno Trump evidenciouse un retroceso total, agravando a política de bloqueo contra Cuba e incluso incluíndo inxustificadamente unha vez máis a este país na súa lista de países patrocinadores do terrorismo, coas implicacións que isto supón para o seu desenvolvemento económico.

Os Estados Unidos non tiveron clemencia con Cuba nin en tempos da pandemia da COVID-19 e de forma asfixiante e cruel desenvolveron fortísimas campañas de desprestixio, entre elas a lanzada contra as Brigadas Médicas Cubanas que, en convenio coa Organización Panamericana da Saúde —un órgano da ONU—, envían persoal sanitario a aqueles países que o necesitan. Pese á campaña de desprestixio, Cuba continuou colaborando con aqueles países pobres que llo solicitaron e chegaron brigadas médicas cubanas mesmo a Italia e Andorra en plena COVID-19, ao tempo que desenvolveu cinco proxectos de vacinas, dos cales xurdiron tres vacinas cubanas coas que protexeu a súa poboación.

O goberno de Biden mantén intacto o bloqueo coas 243 medidas contra a illa tomadas pola administración Trump e prexudicando así a calidade de vida dos cubanos e cubanas, que merecen vivir dignamente. O bloqueo dos Estados Unidos ten un carácter extraterritorial, que intenta provocar o colapso económico de Cuba, afectando non soamente o comercio bilateral, senón atentando contra as relacións comerciais de Cuba co resto do mundo, entre eles co empresariado galego e español en xeral. Calcúlase que o bloqueo lle provocou á illa gastos por valor de 150 410.8 millóns de dólares, a prezos correntes, e constitúe o principal freo para o desenvolvemento dese país.

Desde 1992, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas votou ano tras ano a favor da Resolución “Necesidade de poñer fin ao bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos Estados Unidos de América contra Cuba”. En novembro de 2022, 185 países votaron contra o bloqueo a Cuba, practicamente a unanimidade da cámara; e como sucedeu en numerosas ocasións, só os Estados Unidos e Israel votaron en contra, ademais de dúas abstencións.

A vontade dos acordos cubano-estadounidenses deberían fortalecer a convivencia entre os dous países soberanos e veciños, facilitar os movementos de persoas e da

economía, ao tempo que debe afondar nas garantías dos dereitos humanos, en ambos os países. Así mesmo, as administracións estadounidenses non deben obstaculizar, nin interferir nas relacións de Cuba con outros países.

Por estes motivos, propónse ao Pleno do Concello que adopte os seguintes acordos:

1. Mostrar o apoio ao levantamento do bloqueio económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e manifestarse a favor dunhas relacións baseadas no respecto aos organismos internacionais, a legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.
2. Facer chegar á Asemblea Xeral das Nacións Unidas (AGNU) esta moción, expresando a condena ao bloqueio imposto polos Estados Unidos contra Cuba, o que é unha violación flagrante e sistemática dos dereitos humanos de todas as persoas cubanas, e ignora os pronunciamentos da inmensa maioría dos países que votan nese organismo internacional cada ano pola súa eliminación.
3. Facer chegar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado español a necesidade de que nas súas relacións coas institucións de Estados Unidos de América expresen a condena polo mantemento do bloqueio económico, comercial e financeiro a Cuba, así como que os animen a derrogar, o antes posible, as leis extraterritoriais Helms Burton e Torricelli.
4. Facer chegar estes acordos á Deputación da Coruña, á Xunta de Galicia e ao Consulado de Cuba en Galicia, así como tamén ás embaixadas de Cuba e os Estados Unidos en Madrid.

MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DE CA DE APOIO A DIGNIFICACIÓN DOS/DAS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Quenda de Oficio, constituída por avogados/as e procuradores/as é un servizo público esencial para garantir un estado de dereito e a tutela xudicial efectiva a máis persoas desfavorecidas. O acceso á xustiza por parte de toda a poboación é un dereito fundamental consagrado constitucionalmente, sendo este colectivo quen presta ese servizo a través de profesionais cualificados/as, en preparación continua para lograr un servizo de máxima calidade. Trátase dun dos servizos públicos mellor valorados polos usuarios e usuarias, estimándose que un 82% o valoran positivamente.

Este servizo está prestado por profesionais con vocación de servizo público, por mandato directo da Xunta de Galicia, sen que se cotizase xamais polo tempo dedicado a un servizo prestado, os 365 días do ano, e sempre con dificultades para que poidan traballar nunhas condicións mínimas de dignidade. Por iso resulta imprescindible que se lles recoñezan os mesmos dereitos laborais e sociais básicos que ao resto da cidadanía.

Malia atoparnos diante dunhas profesións en que, tradicionalmente, se asume que son ben remunerados, a situación real está moi afastada da imaxe social que se proxecta,

xa que avogados/as e procuradores/as da quenda de oficio carecen de dereitos dos que hoxe sería impensable privar a calquera outra persoa traballador/a. As reclamacións do colectivo non son todas económicas, tampouco as máis relevantes, pero a dignidade dun traballo ou dun servizo, necesariamente, implica unha remuneración digna.

Na quenda de oficio non teñen días libres, non teñen dereito a permisos de paternidade/maternidade, nin por falecemento dun familiar, nin por enfermidade propia, nin dunha familiar directa. Non existe norma que estableza os seus dereitos nestas situacións para que se suspendan as vistas e prazos procesuais. Non teñen dereito á conciliación familiar, laboral nin persoal, nin á desconexión dixital, nin ao descanso.

Por riba, a remuneración dos servizos na quenda de oficio é insignificante, e hai tantas actuacións que non se remuneran que o servizo adoita resultar deficitario para os e as profesionais que o prestan. Abóanse cantidades irrisorias ou directamente non se pagan outras actuacións (as gardas as que non son chamados/as, recursos, actuacións extraxudiciais, redacción de escritos procesuais...). Os transportes tampouco se pagan (coche, combustible, seguros....), o seguro de accidentes non existe, o persoal que tramita a xustiza gratuíta son empregados dos colexios profesionais, os impresos, papel e copias, págaas o profesional e os servizos prestados non se recoñecen para ningún efecto.

As persoas que prestan estes servizos de avogacía e procuradoría, adscrito ou non á quenda de oficio, non teñen dereito á xubilación. Vese obrigadas a continuar eternamente no seu traballo, posto que as súas xubilacións son contías na maior parte dos casos inferiores ás dunha pensión non contributiva, malia cotizar durante toda a súa vida profesional. Ata o ano 1995 estes profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores/as autónomos/as ou RETA e tiñan a obriga de adherirse a un sistema privado, as mutualidades. Cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e ata hoxe así continúa sendo, o exercicio desta posibilidade implicaba para as avogadas cotizantes na Mutualidade Xeral da Avogacía ou en Altermutua, ou para as procuradoras na Mutualidade de Procuradores, que todo o que se achega queda atrapado nesa entidade privada.

Dende os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a afiliación a elas para os/as novos/as colexiados/as, prometéndolles mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo a Mutualidade a que establecía as táboas de cotización de cada mutualista.

Agora, novamente volven a artellarse reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público. Un sistema inicialmente imposto, posteriormente incentivado e, finalmente, transformado. Unha vez máis lévase a cabo sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, as e os profesionais constatan que os seus compañeiros/as máis vellos non se poden xubilar e que as estimacións das persoas máis novas poidan facelo son cada vez máis irrealas.

Non solicitan ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo das persoas contribuíntes ou do resto de traballadores/as. Interésalles que se lles permita trasladar o seu diñeiro retido nas entidades privadas mutuais, as cotizacións de toda unha vida, ao sistema público, igual que xa se fixo no seu día con notarios/as e corredores de comercio. Pretenden que se lles trate do mesmo xeito que ao resto de

traballadores/as, rematando cun problema social que non debe seguir sendo obviado, nin ocultado, nin parcheado, se non que ten que ser afrontado sen dilación e con carácter urxente para atoparlle solucións.

Os/as avogados/as e procuradores/as mutualistas non teñen dereito a unha incapacidade permanente total, non teñen pagas extraordinarias, non teñen cese de actividade, non existe a pensión de viuvez, os/as profesionais ao longo da súa vida profesional só poden ter baixa por IT durante 365 días, en toda a súa vida, e se o que padecen é unha enfermidade psicolóxica, só durante 60 días poden ter baixa por tal padecemento, todos son dereitos esenciais para calquera traballador/a, e os que loitan pola procura destes dereitos nos tribunais carecen deles.

Tanto a avogacía como a procuradoría están loitando polo que é de xustiza ao longo de todo o Estado, estas mocións están sendo presentadas en concellos, deputacións e nos parlamentos, na maior parte en forma de PNL presentadas por grupos políticos, e sendo todas elas aprobadas de maneira unánime pola totalidade dos grupos, así xa se aprobaron PNL nos parlamentos de Andalucía, Galicia, Cantabria, Cataluña, Madrid...

Por todo o exposto e co fin de avanzar na solución destes problemas, preséntase, para a súa aprobación, a seguinte MOCIÓN:

1. Instar á Xunta de Galicia a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polas persoas profesionais da avogacía e a procuradoría que traballan na quenda de oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizábel anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a xustiza gratuíta.
2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto xurídico de avogados/as e procuradores/as da quenda de oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes/as profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de seguridade social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.
3. Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procuradoría que o desexen poidan recuperar as súas achegas ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización. Débese garantir a todas as persoas profesionais, en función dos seus anos de exercicio e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que as persoas cotizantes do RETA, incluídas aquelas que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ao rescate das cantidades achegadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ao exercicio da profesión.
4. Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno de España. “

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PP para a adhesión ao programa Xantar na casa, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar

ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a adhesión do concello de Santiago de Compostela ao programa Xantar na Casa para dotar de cobertura asistencial e aumentar os recursos sociais adicados a determinados colectivos, especialmente persoas maiores, garantindo os niveis de atención calidade axeitados e promovendo a súa atención social e benestar mediante o desenvolvemento deste programa orientado a favorecer a autonomía persoal, a permanencia no entorno e o benestar das persoas usuarias, con especial fincapé no colectivo das persoas maiores que viven soas.

No tocante á moción formulada polo grupo municipal do PP para que o concello xestione a adquisición ou comodato do cadro da Procesión de Castelao, o Pleno da Corporación por 11 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, e 14 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE, polo que se rexeita a devandita moción.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para apoiar o comercio e fomentar as compras na campaña de nadal o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda que o Goberno local implemente as medidas necesarias para incentivar as compras no comercio da cidade durante a campaña de Nadal e realice estas accións xunto con actividades, exposicións, concursos educativos e divertidos e que teñan como referencia o Nadal tradicional na que os beléns e villancicos teñan o seu protagonismo.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para a mellora da accesibilidade, limpeza e aparcamento no barrio da Almaciga o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE (11 PP e 6 PSdeG-PSOE) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda:

Primeiro.- Que o goberno municipal leve a cabo un proxecto de accesibilidade ao barrio da Almaciga a través das rúas Escultor Asorey e Caramoniña.

Segundo.- Que se axilicen as tarefas de limpeza en todo o barrio.

Terceiro.- Que a Concellaría de tráfico proceda a ordenación do aparcamento da rúa Costiña do Monte.

Sendo as 14:20 horas, a Presidenta dispón un receso na sesión, que se continúa ás 16:30 horas.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á eliminación de prazas de aparcamento en Sar pola execución da senda peonil e ciclista Milladoiro-Santiago, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que o Goberno municipal habilite alternativas de aparcamento nas inmediacións do aparcamento de Sar para substituír as prazas que elimina o procedemento de expropiación, levado a cabo pola Xunta de Galicia, para executar a senda peonil e ciclista Milladoiro-Santiago.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o quiosco do Toural á que presentaron unha emenda conxunta o BNG e CA e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao Goberno local a buscar a solución máis adecuada e viable para que o quiosco do Toural poida seguir prestando servizos á veciñanza da cidade histórica.

Na moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para elaborar o I Plan de igualdade na administración local, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar ao goberno municipal a poñer en marcha o proceso de elaboración do I Plan de Igualdade da Administración Local.

Na moción presentada polo BNG e CA para denunciar a guerra de Israel contra a Franxa de Gaza, á que presentou emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE e que foi transaccionada por emenda do BNG e CA e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Condenar absolutamente, e sen matices, os crimes cometidos en Palestina, e os ataques terroristas levados a cabo por Hamás, tanto no territorio do Estado de Israel como en Gaza e Cisjordania, contrarios á legalidade internacional e que están causando un número indeterminado de vítimas civís, entre as que se encontran numerosas crianzas.
2. Esixir o establecemento inmediato dun alto o fogo e o respecto absoluto dos dereitos humanos e a legalidade internacional.
3. Mostrar a nosa solidariedade co pobo palestino que leva xa mais de 75 anos sufrindo por mor dun conflito que demanda urxentemente dunha solución que poña fin a violencia.
4. Instar á Xunta de Galicia a enviar axuda humanitaria á poboación palestina da Franxa de Gaza, que non ten acceso a produtos básicos e está a sufrir un bloqueio contrario ao dereito internacional humanitario.
6. Instar ao Goberno de España á Unión Europea a recoñecer o Estado de Palestina, con todas as consecuencias, consonte co xa acordado polas Cortes Xerais e de cara a conseguir o final da guerra actual e na procura dunha paz estable que só pode estar baseada na existencia de dous estados que se recoñezan mutuamente. Consonte as resolucións da ONU.

Con respecto á moción presentada polos grupos municipais do BNG e de CA de apoio ao levantamento do bloqueio económico, comercial e financeiro imposto por Estados Unidos contra Cuba, á que presentaron emendas os grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE, sendo aceptada unicamente a do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Mostrar o apoio ao levantamento do bloqueio económico, comercial e financeiro que o Goberno dos Estados Unidos de América mantén contra Cuba e manifestarse a

favor dunhas relacións baseadas no respecto aos organismos internacionais, a legalidade internacional, a paz, a soberanía nacional, a liberdade e a cooperación entre ambos os estados.

2. Facer chegar á Asemblea Xeral das Nacións Unidas (AGNU) esta moción, expresando a condena ao bloqueo imposto polos Estados Unidos contra Cuba, o que ignora os pronunciamentos da inmensa maioría dos países que votan nese organismo internacional cada ano pola súa eliminación.

3. Facer chegar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado español a necesidade de que nas súas relacións coas institucións de Estados Unidos de América expresen a condena polo mantemento do bloqueo económico, comercial e financeiro a Cuba, así como que os animen a derrogar, o antes posible, as leis extraterritoriais Helms Burton e Torricelli.

4. Facer chegar estes acordos á Deputación da Coruña, á Xunta de Galicia e ao Consulado de Cuba en Galicia, así como tamén ás embaixadas de Cuba e os Estados Unidos en Madrid.

Con respecto á moción presentada polos grupos municipais do BNG e de CA de apoio e dignificación dos/as profesionais da avogacía e procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións, á que presentou emenda o grupo municipal do PP que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP, acorda:

1. Instar á Xunta de Galicia a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polas persoas profesionais da avogacía e a procuradoría que traballan na quenda de oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizábel anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a xustiza gratuíta.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto xurídico de avogados/as e procuradores/as da quenda de oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes/as profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de seguridade social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.

3. Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procuradoría que o desexen poidan recuperar as súas achegas ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización. Débese garantir a todas as persoas profesionais, en función dos seus anos de exercicio e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que as persoas cotizantes do RETA, incluídas aquelas que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ao rescate das cantidades achegadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ao exercicio da profesión.

4. Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno de España.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 18:10 horas. Dou fe.